

A obra única dun poeta monumental, Darío Xohán Cabana, reunida nun coidado volume

FICHA TÉCNICA: 746 pp . 13 x 20 cms.
ISBN 978-84-18567-86-5. PAPEL FSC . PVP: 37,00 €


SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO DE 2025.- Baixo o título de **Semente de mencer** publicamos toda a obra poética, editada en libro en vida do autor, de Darío Xohán Cabana (Roás, 1952-Romeán, 2021). Un coidado volume de 746 páxinas, en capa dura, dentro da nosa colección Rescate. E nunha edición, estudo e notas a cargo de **Anxo Angueira**.

Reúne os quince libros publicados en vida do autor; dende *Verbas a un irmao* (1970) ata *Cabalgada na brétema* (2006). Ademais, aporta un apartado gráfico que percorre a vida de Xohán Cabana a través de fotografías, manuscritos e capas históricas dalgún dos seus títulos.

Así o explica, no limiar, Anxo Angueira:

«Non sei se nun caso de escritor total coma o de Darío Xohán Cabana procede mellor que en ningún outro dicir que é poeta por riba de todo. A poesía organizou toda a súa vida literaria de tal xeito que concibimos **a monumental obra de Darío como a dun poeta constante e sen descanso**.

»**Poboada de flores de aceiro e en galego literario rico, aberto e poderoso**, a poesía de Darío, ollada desde hoxe, convídanos a facer memoria das grandes encrucilladas políticas da Galicia contemporánea, especialmente as que el viviu en primeira persoa. Pero **tamén nos leva ás grandes encrucilladas atemporais do ser humano**, aquelas que o



presentan diante do amor e mais da morte, diante da angustia e da esperanza, diante da liberdade aferrollada e da semente de mencer».

A presente edición leva por subtítulo «Volume 1» porque esta editorial prepara para finais de 2026 un segundo volume que reunirá a obra inédita e a dispersa do autor.

Títulos reunidos en SEMENTE DE MENCER:

Verbas a un irmao (1970), *Home e terra* (1970), *Romanceiro da Terra Chá* (1973), *Mortos porque Galicia viva* (1974), *Elexía nunha escuridade mortal* (1974), *Ábrelle a porta ó día* (1981), *A fraga amurallada* (1983), *VIII Fragmentos* (1987), *Amor e tempo liso* (1987), *Cantigas de amor vilao* (1987), *Patria do mar* (1989), *Chirlo Merlo na figueira* (1990), *Cinco lendas* (1993), *Canta de cerca a morte* (1994), *Cabalgada na brétema* (2006).



Darío, na cidade italiana de Ravenna, en 2013, cabo do sepulcro do seu admirado Dante Alighieri.

Esta publicación contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

